



Por Resolución da alcaldía do 10/06/2025 procédese a convocatoria e aprobación das bases de selección de dous condutores do vehículo motobomba para a campaña de prevención e extinción de incendios forestais 2025.

Fáise constar que o prazo de presentación de instancias e de sete días naturais contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS/DÚAS CONDUTORES PARA O VEHÍCULO MOTOBOMBA DURANTE A CAMPAÑA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS DO ANO 2025 NESTE CONCELLO DE ARANGA .

1º.-OBJECTO.-

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral de carácter temporal, de dous/dúas condutores/as para o vehículo motobomba municipal durante a campaña do ano 2025, que comezará o día 15 de xullo de 2025, cunha duración de tres meses.

2º.-CONDICIÓN DO CONTRATO.-

A modalidade do contrato será de duración determinada por causas da produción (modelo 402), con base no artigo primeiro do Real Decreto Lei 32/2021 de 28 de decembro de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e transformación do mercado do traballo que modifica o artigo 15.2 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015 de 23 de outubro.

As retribucións brutas mensuais fíxanse en 1.673,00 €, (1.951,83 incluíndo a porrata da extra).

A xornada de traballo será a tempo completo, en horario que determine a alcaldía.

O vehículo motobomba deberá estar operativo 16 horas/días, con plena dispoñibilidade, incluíndo os domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais así como as quendas de noite necesarias.

O vehículo motobomba intégrase no dispositivo de emerxencias do distrito forestal e cando concorran circunstancias extraordinarias de emerxencia o órgano autonómico poderá decidir a súa mobilización fóra do distrito forestal conforme ao Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (Pladiga). A integración no dispositivo do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF) realízase baixo o mando único descrito no Pladiga. O concello de Aranga adhirese ao procedemento operativo do Pladiga como Plan director.

Designarase unha persoa responsable e coordinadora do funcionamento da motobomba para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do distrito forestal a que pertence esta entidade local: Distrito Forestal II. Bergantiños-Mariñas Coruñesas. Demarcación de Betanzos.

A participación no presente procedemento de selección implicará o coñecemento e aceptación das condicións da xornada laboral e retribucións.

3º.-CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.-

Para ser admitido no procedemento selectivo, os aspirantes deben reunir os seguintes requisitos, referidos á data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ter a nacionalidade española sen perxuízo do determinado no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado pola Lei 7/2007 de 12 de abril, respecto do acceso ao emprego público dos nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos 16 anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos traballos esixidos, acreditado mediante certificado médico onde conste que o aspirante está en condicións de saúde para realizar o traballo.
- d) Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade, para o exercicio de funcións públicas, establecidas na lexislación vixente: lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo da administración pública.
- e) No ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- f) Estar en posesión do carné de conducir Tipo C que habilite a condución da motobomba.
- g) Estar en posesión do Certificado de escolaridade, titulación equivalente ou superior
- h) Ter ingresado na conta bancaria do concello de Aranga a cantidade fixada como dereito de exame, conforme á Ordenanza fiscal reguladora da Taxa de inscrición en probas selectivas no concello de Aranga.

Estes requisitos deberán posuírse o último día do prazo de presentación de instancias .

4º.- DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para participar nestas probas aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, a cantidade de **10,00€** en concepto de dereitos do exame , aportando xunto coa instancia, o documento acreditativo do pago na conta : ES35 2080 0092 1731 1000 0054.

5º.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

As instancias, nas que se acreditará que se reúnen as condicións esixidas na base terceira, dirixiranse ao Sr. alcalde do Concello e presentaranse no Rexistro Xeral do concello , presencialmente ou a través da sede electrónica, no prazo de **sete días naturais** , dende o día seguinte á inserción do



CONCELLO DE ARANGA

anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia . Publicarase igualmente no tablón de edictos da sede electrónica de Aranga, <https://sede.aranga.gal> .

Os restantes anuncios relativos á esta convocatoria publicaranse no tablón edictos da sede electrónica de Aranga, que terá os mesmos efectos que a notificación persoal.

Poderán presentarse tamén na forma prevista no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas , debendo neste caso anticiparse a presentación da solicitude a través de calquera dos medios que permita deixar constancia e que deberá ter entrada no concello antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Ás instancias xuntaráselles, ademais da copia do DNI e do carné de conducir, unha relación dos méritos que se aleguen, acompañados da súa documentación acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada. Xuntarase xustificante do abono da taxa de inscrición en probas selectivas.

6º.- ADMISIÓN DE CANDIDATOS.-

Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución aprobando a listaxe de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de edictos da casa consistorial e na páxina web, www.aranga.gal, dispoñendo dun prazo de dous días naturais para emendar os defectos que motivaron a exclusión.

No caso de non se presentaren reclamacións neste prazo a lista de admitidos quedará elevada automaticamente a definitiva , podendo presentarse contra a mesma os recursos procedentes.

Na mesma resolución determinarase a composición do tribunal de selección, data da reunión do tribunal cualificador e datas dos exercicios.

7º.- COMISIÓN DE SELECCIÓN.-

A comisión de selección para a selección de este personal, titulares e suplentes, estará composta, conforme ao establecido no texto refundido do Estatuto básico do empregado público, polo Presidente, secretario e tres vocales designados pola Alcaldía.

A designación farase na Resolución da Alcaldía que aprobe a lista de admitidos, que fixará o día e data da súa constitución. A efectos da percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría terceira das sinaladas no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio sobre indemnizacións por razón do servizo. Os membros do tribunal deberán absterse cando concurran circunstancias do artigo 23 da lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público e poderán ser recusados polos aspirantes se concorren as circunstancias do artigo 24 da dita lei.

As decisións adoptaranse por maioría dos vostos presentes, resolvéndose, no caso de empate, pola presidencia

8º.- SELECCIÓN.-

A selección realizarase en dúas fases:

FASE I: EXAMES

Consistirá na realización de dous exercicios:

1º Exercicio: Proba física de esforzo, de carácter obrigatorio e eliminatorio que se **calificará mediante apto/non apto**. Será preciso sacar a calificación de apto para poder continuar no procedemento de selección.

Para a realización desta proba o tribunal poderá solicitar a asistencia de personal cualificado.

A proba realizarase segundo as recomendacións técnicas sobre os procedementos de selección de persoal para a extinción de incendios forestais .

2º Exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio celebrarase o día e no lugar que sinala o tribunal, consistirá na realización dun cuestionario tipo test relativo ao coñecemento e uso da motobomba e das tarefas a realizar e o coñecemento do termo municipal.

Valorarase ata 10 puntos. Será necesario obter a lo menos 5 puntos para superar o exercicio.

FASE II : VALORACIÓN DE MÉRITOS:

A valoración de méritos realizarase respecto de aqueles candidatos que houberan superado a fase dos exames.

Se valoran os seguintes méritos:

- Experiencia profesional en traballos de extinción de incendios nunha administración pública: **valorarase ata 4 puntos**.

Valorarase 0,25 puntos por cada mes de traballo no posto de condutor de motobomba e 0,20 puntos por cada mes de traballo en postos similares, sempre que se presente nunha administración pública. Non se computarán períodos inferiores a un mes.

Este requisito acreditarase mediante a certificación do organismo correspondente ou a presentación dos contratos de traballo , acompañados de informe de vida laboral. En todo caso, da documentación presentada, deberá deducirse claramente a data de inicio e finalización efectivas da prestación do servizo.

- Por cursos de formación relacionados coas funcións propias do posto de traballo, **concederanse ata 2 puntos**, valorándose:

- Cursos de máis de 10 horas e menos de 50 horas: 0,20 puntos
- Cursos de 50 horas e ata 100 horas : 0,50 puntos
- Cursos de máis de 100 horas: 1 punto.

Os cursos xustificaranse mediante a presentación dos certificados, documentos ou títulos acreditativos.

9º.-PROPOSTA DE DESIGNACIÓN.



CONCELLO DE ARANGA

Rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, elevando ao alcalde a proposta de designación.

No caso de empate, resolveráse a favor do que obtivera maior puntuación no exame. De persistir, resolveráse o empate por sorteo público.

Na acta da sesión incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído non fora nomeado poida selo pola orde de puntuación. A dita relación quedará para ser utilizada ata o remate do contrato dos seleccionados, como reservas para cubrir posibles vacantes.

10º.- NOMEAMENTO.-

O interesado disporá de **dous días hábiles**, desde a proposta de nomeamento para presentar na Secretaría a documentación que acredite o cumprimento das condicións da base terceira. O Alcalde realizará a designación definitiva, procedendo á formalización do contrato.

O persoal seleccionado realizará un curso teórico-práctico de formación sobre a prevención e a defensa contra incendios forestais de 16 horas de duración, que será im-

partido por persoal competente, co contido sinalado na cláusula quinta do convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o concello de Aranga para as accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023.

11º.- RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma prevista na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

No non previsto nas bases estarase ao disposto na lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, no Decreto 781/1986 de 18 de abril que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, no Texto refundido da lei do Estatuto Básico do empregado público aprobado polo Real Decreto lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, no texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto lexislativo 5/2015 de 23 de outubro e na lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego público en Galicia. Igualmente, polo disposto na lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas e na lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público.

ANEXO I.- INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS/DÚAS CONDUTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA DURANTE A CAMPAÑA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS DO ANO 2025 NESTE CONCELLO DE ARANGA .

D./Dª. _____, co DNI número _____, e domicilio a efectos de notificacións en _____, Municipio _____, Código Postal _____, teléfono _____, dirección de correo electrónico _____.

Que **SOLICITO** tomar parte no proceso selectivo convocado polo concello de Aranga para a contratación laboral temporal de dous condutores do vehículo motobomba durante a campaña de extinción de incendios forestais 2025.

A tal efecto adxunto:

DECLARO que coñezo e acepto as bases que rexen o proxecto selectivo e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria e declaro expresamente:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos traballos esixidos, que acreditaré mediante certificado médico onde conste que o aspirante está en condicións de saúde para realizar o traballo.
- Non atoparme incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade, para o exercicio de funcións públicas, establecidas na lexislación vixente: lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo da administración pública.
- No ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

A tal efecto, adjunto :



CONCELLO DE ARANGA

- Copia do CNI
- Copia del carnet de conducir tipo C
- Xustificante do abono da taxa do exame

Que relaciono os méritos que alego e achego a documentación acreditativa dos mesmos.

Así mesmo, autorizo:

-A que sexan comunicadas as actuacións do expediente ao número de teléfono arriba indicado.

-O tratamento dos meus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de persoas candidatas, a calificación de probas e avaliación, a súa exposición no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Aranga, aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación.

Polo que SOLICITO ser admitido/a no correspondente proceso selectivo.

Aranga, ____ de _____ de 2025.Asdo."

Aranga, na data da sinatura

O ALCALDE

Asdo./ Alberto Platas Álvarez.